

Singular.

V Festival Internacional
do monólogo teatral

7-28 de marzo 2020,
Pazo da Cultura de Narón

Segue a actualidade do Festival:

www.padroadodecultura.es
[@culturanaron](https://facebook.com/padroadodeculturaconcellodenaron)



Autorretrato de un joven capitalista español

TEATRO DEL BARRIO (Madrid)

21 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Son capitalista. Teño conta nun banco que especula con alimentos. Teño un seguro médico privado. Teño a luz contratada cunha empresa que rouba aos seus clientes porque o seu obxectivo é o máximo beneficio. Cando traballo cobro o soldo máis alto que poida conseguir, sen preocuparme de cal é o soldo e o resto das condicións laborais dos meus compañeiros.

Podo axudar economicamente a un amigo, pero nunca á conta de rebaixar o meu nivel de vida. Quero preservar a miña fama, a miña cotización comercial, as miñas propiedades. A sociedade na que vivo é inxusta ata a crueldade. Gustaríame que cambiase, pero non estou disposto a perder no intento aquilo que logrei acumular. Estou a falar moi en serio.

Ficha artística: Autoría: Alberto San Juan | Dirección: Alberto San Juan | Intérprete: Alberto San Juan

O estado cru

IRIA SOBRADO (Galicia)

27 marzo, 20:30 h
Pazo da Cultura

“Secar as dúbidas ao sol abertas en canal a peito descuberto. Coa valentía de asumir os restos e as súas arganas. Non ser a mesma mudar a codia que envolve a espiña atravesada no peito. Coa franqueza de facerme vulnerable ás sombras e habitar constantemente un corpo ingravido. Na véspera da devastación. O tempo é mentira”. O estado cru é unha reflexión sobre a vida, a morte, a relixión, a soidade, a tristeza e a

loucura atravesada pola perda do amor e a lucidez do desequilibrio.

Ficha artística: Creación e interpretación: Iria Sobrado | Texto vertebral: Luis C. Mendes | Outros textos: John Berger, María Alcantarilla, Gareth, Evans, Iria Sobrado | Deseño de iluminación: Afonso Castro | Vídeos: Alexandre Fernández

Dayana é unha muller emigrante que vive en España desde hai algúns anos. Dayana non consegue escapar dos tópicos cos que se relaciona a unha persoa emigrante, tampouco dos que se relacionan co seu xénero. Sentiu a necesidade de atopar algunha explicación para que nunha sociedade da europa do século XXI, arrastrase tantos prexuízos respecto ao ambas condicións.

É nesta procura onde se atopa cun libro escrito por unha muller, Cristina de Pizán, poeta e filósofa que viviu en Francia no século XV, “La ciudad de las damas” que trata o tema da imaxe que se tiña das mulleres entón, dos prexuízos aos que se enfrontaban.

Seiscentos anos despois as mulleres continúan librando unha loita pola igualdade de dereitos practicamente igual á que se libraba entón. Durante canto tempo máis teremos que seguir alzando a voz para que ao fin se nos escoite?

Ficha artística: Dramaturxia, dirección e interpretación: Dayana Contreras | Asesoría dramaturxica: Liena Cid | Asistente de movemento en escena: Marina Barba | Escenografía: Alina Isabel Pérez | Iluminación: Marta Martí | Vestuario: Gema Martín | Deseño sonoro: Desiree Durán | Deseño de cartel: Araceli García | Producción de contidos dixitais: Concha Martín

La ciudad de las damas

CÍA NUEVE NORTE (Cuba)

28 marzo, 20:00 h
Pazo da Cultura

Singular.

V Festival Internacional
do monólogo teatral

Mesa redonda: "Circulación internacional de espectáculos teatrais"

Con Ana Belén Santiago, Beatriz Quintero, Gustavo Zidán, Octavio Arbeláez e Jacobo Sutil

13 marzo, 18-20h

Café Teatro do Pazo da Cultura

Rolda de negocios con compañías de teatro galegas. Vender ao exterior

14 marzo, 11.30-13.30h

Pazo da Cultura

Obradoiro "Técnica de entrenamento de actores a través de bastóns"

Con Marcelo Bones

16-20 marzo

Escola de teatro de Narón

Coloquio: "Festival Mueca. Unha experiencia de xestión compartida"

Con Marcelino Martín

14 marzo, 10-11h

Café Teatro do Pazo da Cultura

Singulariño

Intervencións de 15 minutos de Monólogos teatrais creados para o Festival Singular en espazos non convencionais de Narón

13-21 marzo

Distintos espazos



Señora de rojo sobre fondo gris

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS (Madrid)

7 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

Un pintor, con moitos anos no oficio, leva tempo sumido nunha crise creativa. Desde que faleceu de forma imprevista a súa muller, que era todo para el, practicamente non puido volver pintar.

Estamos no verán e outono de 1975. A filla maior de ambos está no cárcere polas súas actividades políticas, e é nesas datas cando xorden os primeiros síntomas da enfermidade da súa nai que a filla vivirá desde dentro da prisión.

Esta obra de teatro é o relato dunha historia de amor en camiño desenfreado cara á morte, que nos sitúa naquela España con trazos inequívocos, que nos fala da felicidade e da súa perda, e que chega á intimidade de cada ser humano, e á súa emoción, polo camiño recto e simple da verdade.

Ficha artística: Reparto: José Sacristán | Adaptación: José Sámamo, José Sacristán e Inés Camiña | Dirixido e Producido por: José Sámamo. | Director Técnico: Manuel Fuster | Técnico de iluminación/Son: Manuel Fuster e Jesús Díaz Cortés | Xerente compañía/Costureira: Nerea Berdonces | Maquinista/Rexedor: Pepe González | Axudantes de Producción: Pilara López "Pipi" e Mélanie Pindado | Secretaria de produción: Pilar Velasco | Voz de Ana: Mercedes Samprieto | Axudante de dirección: Inés Camiña / Son: Mariano García | Deseño de vestuario: Almudena Rodríguez Huerta | Deseño de escenografía: Arturo Martín Burgos | Deseño de iluminación: Manuel Fuster

Helena. Xuízo a unha lurpia.

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)

13 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura

Nese espazo no que a nosa memoria a converte en INMORTAL, atopámonos con Helena de Troia, "a bela Helena", a filla de Zeus e Leda, a esposa de Menelao, a amante de Paris.

Estamos no século XXI. Helena xa non é "a bela Helena", senón unha muller con certos signos que nos falan do implacable paso do tempo; malia iso mantense posuidora dunha enerxía desbordante, habitando unha especie de tobogán emocional transitado polos intensos episodios da súa travesía vital, na que se mesturan a dor da nena violada por Teseo co ador da esposa obrigada por Menelao; a paixón da amante namorada do hermoso Paris; co desafío e o rancor para con Zeus, o seu divino pai; a ironía ao redor de moitos dos seus contemporáneos - Aquiles, Ulises -, coa impotencia diante da crueldade da guerra.....
"Quen escribe a historia?"

Ficha artística: Interpretación: María Barcala | Autor: Miguel del Arco | Tradución: Inma L. Silva | Escenografía: Antonio F. Simón | Vestuario: Susa Porto | Música e espazo sonoro: Anxo Graña | Deseño de iluminación: Xúlio Lago | Fotografía e deseño cartel: Tino Viz/ Margen fotografía | Profesora de canto: Pilocha | Axudante Dirección: Lucía Regueiro | Dirección: Xúlio Lago

Olympia

TEATRO ANDANTE (Brasil)

14 marzo, 20:00 h

Pazo da Cultura

A través da historia dunha figura real pero que toca os arquetipos, o espectáculo trata de temas como a muller, a soidade, os límites entre o real e o imaxinario e entre a tolemia e a arte. Olympia baséase nun diálogo coa historia da muller de Brasil, que andaba polas rúas da cidade histórica de Ouro Preto; transitaba polas fronteiras do delirio, da arte e da tolemia, encantando turistas e residentes, pola súa maneira divertida e graciosa de estar na rúa. O espectáculo pasea entre os límites do simples, do profundo, pero tamén da graza e da lexeza, "como os pasos de Olympia, ás veces axigantados polas sombras do pasado, ás veces reducidos aos regateos do presente".

Ficha artística: Interpretación e concepción: Ângela Mourão | Dirección: Marcelo Bones | Texto: Guiomar de Grammont | Dramaturxia: Ângela Mourão - Grupo de Teatro Andante | Execución escenográfica: Wesley Simões | Creación e confección de máscara: Márcia Torquato | Música Orixinal: Chiquinho de Assis | Creación de luz: Chico Pelúcio (Grupo Galpão), Felipe Cosse e Juliano Coelho

Guerra de Identidade

CÍA DEUVE (Galicia)

20 marzo, 20:30 h

Pazo da Cultura

Obsesionada coa figura ausente e controvertida do pai, deportista de elite e militar na guerra dos Balcáns, unha muller, metade galega, e metade croata, narra a viaxe que traza para coñecer a súa familia. Facendo o espectador cómplice de segredos inconfesables e cun pano de fondo, que danza entre guerras históricas e conflitos individuais, dá conta da batalla na procura de si mesma, loitando entre o dramático e o cómico, o testemuño e a imaxinación, e a memoria persoal e colectiva.

Ficha artística: Interpretación: Déborah Vukusic | Texto orixinal e Gravacións: Déborah Vukusic | Iluminación: Salvador del Río | Vestuario: Jandro Villa | Producción: Arantxa Treus | Dirección: Avelino González

